

Unha ollada pola transición, a través dos adhesivos.

Escrito por

Domingo, 15 Febreiro 2004 20:26

O próximo martes día **18 de febreiro ás 20 h.** procederase á inauguración da exposición:

Unha ollada pola

transición, a través dos adhesivos

. No acto inaugural, que terá lugar na

Casa da Cultura de Gondomar

, intervirá o director do Instituto de Estudos Miñoranos

Carlos Méixome

e o Concelleiro de Cultura de Gondomar

Xosé Luís Mosquera,

así como

Anxo Terán

en representación do Café Raíñas, promotor desta iniciativa cultural.

A exposición chega directamente da cidade de Lugo onde estivo exposta ata o pasado 30 de xaneiro, sendo a primeira vez que o facía. A exposición contou para a súa realización coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, do Concello de Lugo, da Deputación Provincial de Lugo e da Fundación CAIXAGALICIA e chega a Gondomar por iniciativa do Café Raíñas.

O obxectivo desta exposición é contribuir a recuperar a memoria dun período de gran relevancia na nosa historia máis recente: a transición. Foron anos dunha grande efervescencia política e social, de cambios, de esperanzas, de loitas e tamén de frustracións; moitos deles refléctense no instrumento escollido para traer á nosa memoria aquela época, no obxecto da exposición: o adhesivo.

Non son simples anacos de papel encolado. Os adhesivos permiten aos que viviron aqueles anos redescubrir as súas experiencias, e aos máis novos tomar coñecemento do clima social e político da época: palabras de orde que marcaron a transición, procesos electorais que condicionaron o noso presente colectivo.

Unha ollada pola transición, a través dos adhesivos.

Escrito por

Domingo, 15 Febreiro 2004 20:26

Esta exposición é posible grazas a moitas persoas que conservaron durante anos os adhesivos, a elas o noso agradecemento pero sobre todo ao profesor universitario **Bernardo Valdés Pazos** que tamén durante anos tivo a paciencia de ir recollendo e ordenando miles e miles destes autocolantes, as celebres "pegatas". En trinta paneis recóllense centos destas "pegatinas" agrupadas por temas permitindo deste xeito un percorrido visual por aqueles anos da segunda metade da década dos setenta.

A amplitude da mesma non permite recollela na súa totalidade no Café Raíñas, polo que a maior parte da mesma está instalada na casa da Cultura de Gondomar. Nos dous locais poderíase ser visitada ao longo de todo o mes de febreiro.

IEM